

EN MAREA COMO ALTERNATIVA POLÍTICA DAS MAIORÍAS SOCIAIS DE GALICIA

1. *EN MAREA*: ESPAZO DE UNIDADE POPULAR ET+TT

En Marea como espazo de Unidade Popular (ET)

A construción do suxeito En Marea é tan longa e demorada coma o proceso de Unidade Popular e de articulación dun suxeito de ruptura que arrinca con AGE, continúa coa irrupción de Podemos e experimenta un salto cualitativo de primeira magnitude coa experiencia colectiva que dá lugar á Marea Municipalista de maio de 2015. Co pacto de Mazarelos, que permite a presentación das candidaturas de En Marea ás eleccións xerais de decembro dese mesmo ano, coas que se obtivo un resultado de 400.000 votos, iníciase unha etapa de colaboración baixo a forma de coalición de partidos. Unha fase necesaria pero incompleta, principalmente porque a experiencia da Marea Municipalista e das candidaturas de base cidadá que conquistaran os gobernos das tres cidades, Compostela, A Coruña e Ferrol, e serviran para acceder a moitos outros concellos, xa non permitiría que nada fose igual no terreo da autoorganización popular. O Manifesto dos Alcaldes, presentado en xullo de 2016, abre o proceso que permite articular En Marea nas condicións acordadas no Plenario de Xullo de 2016 en Vigo, no que se establecen as bases dun suxeito político popular, democrático, radical, republicano e de ruptura, lonxe da posibilidade de constituírse como partido de réxime clásico de vocación estritamente electoral e máis alá da simple fórmula de coalición de partidos, que non sería capaz de darlle espazo á participación política da inmensa maioría de mulleres e homes sen militancia partidaria que desexan e necesitan facer parte do proceso.

Iso é, pois, o que é En Marea principalmente: un proceso. Non é unha ferramenta concluída. É espazo no que se encontran múltiples identidades e iniciativas políticas e sociais co obxectivo de se configurar como ferramenta destituínte das clases subalternas. E, por tanto, tamén como instrumento de constitución republicana do pobo galego, suxeito soberano con pleno dereito a decidilo absolutamente todo e a compartir, ou non, conforme á súa libre decisión, parte da súa soberanía. En Marea concíbese como a ferramenta política dunha maioría social configurada polas clases subalternas, unha multitude diversa de intereses converxentes que se organiza para mudalo todo. Do suxeito

facemos parte todas as persoas que nos situamos nas perspectivas de ruptura social, feminista e nacional, independentemente das nosas militancias en partidos, organizacións sindicais, culturais ou do tipo que sexan. A aparición da En Marea que se acorda no plenario de xullo de 2016 no Auditorio Mar de Vigo significa a creba de toda fronteira existente entre a organización política e a maioría social. Non pode haber, conforme a esa concepción da acción política, un dentro e un fóra en relación coa organización e as masas. Acabouse o partido fortaleza, útil só para o réxime na medida en que serve de mediador entre a sociedade política e a sociedade civil coa finalidade de preservar e conservar as estruturas e as institucións do réxime.

A necesidade dun instrumento político de ruptura nace da ruína material, social, política e cultural da maioría social agredida pola crise orgánica que seguimos vivindo, unha auténtica arma de destrución masiva das condicións de vida e dos dereitos conquistados ao longo de décadas de loita. É a loita de clases. É a necesidade de que as clases subalternas nos dotemos de mecanismos de defensa das conquistas históricas e de ferramentas de constitución de novas formas do común. Non se trata, por tanto, de reconfigurar un mapa político concreto como expresión do xogo do réxime. Trátase de crebar a súa normalidade, a estabilidade que ofrece, precisamente porque expresa en si mesma a normalización da precariedade das nosas condicións de vida, a naturalización definitiva dos efectos desta crise orgánica. Como dicimos desde hai tanto tempo, as condicións de excepcionalidade que esixen o complexo proceso de unidade popular e confluencia para a ruptura democrática seguen plenamente vixentes. É máis, non deixarán de estar vixentes mentres perdure en pé o réxime e o sistema. Son inherentes ao propio sistema en si, por moi camufladas que poidan permanecer en determinados momentos históricos. A Unidade Popular é a resposta, por tanto, a esa excepcionalidade crítica permanente. Unha resposta radical e ingobernable.

Contra todo iso nos rebelamos e construimos as nosas ferramentas comúns, e así imos articulando todo o proceso de Unidade Popular e confluencia que se expresa na necesidade de ruptura co réxime do 78, co *statu quo*, coas lóxicas capitalistas, as agresións neoliberais e patriarcais. E tamén coa representación política entendida coma unha expropiación da capacidade de decisión e de participación da cidadanía, da nosa capacidade política, en suma. Así o advertiu xa de maneira moi contundente o 15M cando expresaba esta impugnación cun contundente “Non nos representan!”. Aquel berro non era unha crítica aos partidos dinásticos só nin ao PP en particular; era toda unha

impugnación do réxime de representación que acompañaba irremediabilmente a impugnación do neoliberalismo financeiro e as súas múltiples e dolorosas expresións.

Como consecuencia de todo iso, En Marea é necesariamente un espazo de solidariedade e colaboración, non pode ser o escenario de competencia interna no que diversos proxectos políticos compiten pola hexemonía. Por iso non pode entender de polos ou de familias políticas en concorrencia. Ao contrario; artículase como espazo diverso de colaboración para a construción dun bloque social contrahexemónico.

En Marea é espazo de encontro de proxectos con procedencias e culturas e tradicións diversas que organizan en común unha identidade nova, plural, aberta e de ruptura. Todas achegan as súas bagaxes e as súas visións da realidade.

Se queremos ser a ferramenta das maiorías sociais, debemos ser plurais e diversas, non cinguirnos a etiquetas, senón romper fronteiras.

EN MAREA: ESPAZO DE UNIDADE POPULAR DE ADSCRICIÓN INDIVIDUAL (TT)

En Marea é un proxecto de unidade e confluencia, un espazo político de Unidade Popular, entendendo esta como unha estratexia necesaria para que as maiorías sociais poidan articular espazos cooperativos, fraternais (e mestizos), que aposten decididamente por xuntar maiorías arredor de obxectivos comúns, de mínimos, amplamente partillados pola grande maioría dos cidadáns: sanidade e ensinos plenamente públicos, condicións laborais dignas, defensa do medio ambiente, ...

A Unidade Popular é tamén unha estratexia necesaria para que as maiorías sociais poidan defenderse eficazmente das agresións da minoría que exerce o poder, e acadar os obxectivos de ruptura democrática e transformación social real que arelamos. A Unidade Popular, ten como obxectivo último a construción dunha sociedade de mulleres e homes libres e iguais, liberados da explotación, do dominio e de discriminación. En Marea asume que hai que construír unha alternativa política ao réxime neoliberal, monárquico e unionista que nos asoballa como traballadores, como cidadáns e como nación, e que esa alternativa debe gobernar para transformar, baseándose na forza do pobo organizado.

A Unidade Popular esixe romper moitos dos marcos organizativos tradicionais que dividiron as forzas políticas e sociais no noso país, nomeadamente a división entre nacionalistas e non nacionalistas, que na actualidade conviven e deben seguir convivindo

en En Marea.

A Unidade Popular pode ter diversas concrecións e, por decisión amplisimamente maioritaria do Plenario Constituínte de Vigo do 30 de xullo de 2016, *En Marea* defínese como un proxecto político de adscrición individual, conformado por persoas, con formato legal de partido [instrumental]. Non é polo tanto unha coalición, nin de partidos nin de grupos. A dobre militancia está permitida en *En Marea*, mais as e os representantes orgánicos ou institucionais de *En Marea*, actuarán sempre en representación do conxunto do espazo político, e non en representación de parte. *En Marea*, como espazo de confluencia, non é a suma dos partidos políticos de esquerda, senón a suma de cidadáns que se fan protagonistas das decisións políticas, e a política construída desde o máis inmediato e concreto e non só desde os cargos representativos, que asume que sen pobo convencido e mobilizado, sen forzas políticas e sociais unidas, non hai transformación posíbel.

Todo o traballo político e organizativo de *En Marea* debe edificarse sobre os alicerces da cooperación, non da competencia. Porque na cooperación se baseará a sociedade que aspiramos a construír. Unha cooperación que esixe transparencia, confianza e lealdade mutua. Alá onde hai interese de parte será moi difícil articular un suxeito do común rupturista.

2. O POBO GALEGO É UN SUXEITO POLÍTICO DE SEU (TT)

Como un elemento esencial da súa aposta por avanzar cara a unha sociedade cada vez máis democrática e xusta, *En Marea* defende a capacidade de decisión da cidadanía en todos os aspectos da esfera pública. En consecuencia, desde a radicalidade democrática, *En Marea* defende o dereito dos pobos e das nacións a establecerse como comunidades de decisión, con capacidade de pronunciarse e decidir sobre calquera problema ou proposta que lles atinxa.

En Marea defínese como unha organización nacional galega, parte da asunción de que Galiza é unha nación, e recoñece de que o pobo galego é un suxeito político e xurídico de seu, con capacidade para aplicar o principio da regra da maioría para adoptar decisións colectivas sobre todas aquelas cuestións que lle afecten, incluídas a de poder elixir libremente as estruturas e o marco xurídico e político de convivencia, a de poder tomar decisións sobre os seus propios recursos a fin de garantir o seu pleno desenvolvemento, e

o de poder establecer o tipo de relacións a manter con outros pobos, nacións ou estados. Coherentemente co anterior, a consideración do noso país coma suxeito político esixe que a súa representación teña aquí o seu centro de decisión, sen excluír ningún tipo de relacións, alianzas ou colaboracións con forzas e movementos políticos tanto do Reino de España como de fora del.

Dereito a decidir para decidilo todo (ET)

Coa conciencia colectiva de Galicia como nación e da cidadanía galega como suxeito político, somos República en construción e en constitución. É a determinación de profundizar nos mecanismos democráticos posibles, incluída a desobediencia civil fronte a calquera impedimento do libre exercicio dos nosos dereitos colectivos, para poñer en marcha un proceso constituínte en Galicia e contribuír de maneira solidaria e colaborativa, cos nosos aliados, aos procesos constituíntes que se produzan no Estado. Expresamos o noso dereito a decidilo todo, desde as políticas funcionais aos intereses da maioría social da que somos instrumento ata a articulación territorial que mellor conveña aos intereses do común. E iso inclúe o dereito a decidirmos de que maneira nos organizamos en relación coas outras nacións do Estado e do mundo. Soberanía popular e República.

En Marea é un suxeito autónomo, por tanto non depende de ningunha organización, nin galega nin de fóra de Galicia, pero como espazo de ruptura e de emancipación establece relacións de solidariedade, de colaboración, de compromiso e de traballo común, en pé de igualdade, cos suxeitos e os procesos de ruptura democrática do Estado español e tamén de Europa e do mundo. Só unha estratexia desobediente fronte ás institucións da UE “realmente existente” e dos poderes financeiros pode impulsar a transformación social crebando o actual marco construído de costas á soberanía das maiorías sociais.

O espazo de ruptura é en si un proxecto de desbordamento radical dos marcos xurídico-políticos existentes. O proceso dun pobo galego que se organiza como suxeito soberano desborda os límites políticos, xurídicos, simbólicos, comunicativos e organizativos do réxime constantemente, en todos os ámbitos, tanto nos institucionais coma nos da sociedade civil. En Marea é unha ferramenta destituínte e de constitución republicana. É un suxeito republicano, non un partido nacional, que entende que o pobo galego é un suxeito político con dereito a constituírse en República e que se compromete solidaria e colaborativamente con outros pobos do Estado e do mundo.

3. EN MAREA: UNHA ORGANIZACIÓN POLÍTICA NON TRADICIONAL (TT)

En Marea non é unha organización política tradicional, e cómpre estarmos vixiantes para evitar que chegue a converterse en tal. As estruturas organizativas de En Marea parten do recoñecemento de que as organizacións políticas teñen unha tendencia innata á oligarquización, que só pode ser superada eficazmente cando se acepta que esa tendencia existe, e se toman medidas eficaces para contrarrestala.

A historia de todas as organizacións políticas demostra que existe unha evidente tensión entre a democracia interna e a necesaria eficacia organizativa, que ten que ter toda organización política para que resulte útil aos sectores sociais que quere representar. Esa dicotomía é especialmente relevante nas organizacións centradas no traballo institucional, e ten a súa orixe na necesaria especialización do traballo político, de xeito que os individuos situados na cúpula da organización, que teñen coñecementos e experiencia en tratar os problemas complexos aos que esta se ten que enfrontar, as veces con urxencia e sen posibilidade de demora, van volvendo imprescindíbeis e, pouco a pouco, van converténdose nunha elite que controla os fíos da organización e que vai facendo que, progresivamente, esta responda máis ao seus propios intereses que aos da xente que di representar.

Os documentos aprobados na Marea Constituínte de Vigo do 30 de xullo de 2016 , parten do recoñecemento da contradición antes sinalada entre eficacia e democracia interna, e establecen un modelo de organización interna e unhas normas éticas de funcionamento, que permiten combater eficazmente a tendencia á oligarquización da que falamos, garantindo o pluralismo, a democracia interna, a horizontalidade na toma de decisións, a renovación periódica dos responsábeis políticos, e a non profesionalización da actividade política, ao tempo que permiten garantir a necesaria eficacia organizativa de *En Marea*.

Ademais, resulta evidente que o recoñecemento da soberanía das Mareas Municipalistas no ámbito local, e a conseguinte renuncia de *En Marea* a actuar politicamente nese ámbito, son elementos políticos innovadores que tamén contribúe a distanciar a *En Marea* das organizacións políticas tradicionais. A participación de cada Marea Local no proxecto político nacional galego que representa *En Marea*, establecerase mediante a sinatura dun

convenio de vinculación, no que se establecerá o mutuo recoñecemento como elementos dun mesmo espazo político e, ademais, definiranse e clarificarán os respectivos campos de actuación: as actuacións a nivel local son competencia da correspondente Marea Municipal e, ao tempo, esta aceptará que *En Marea* a represente a nivel supramunicipal.

Unha organización de nova estrutura (ET)

En Marea non é unha coalición de partidos nin é tampouco un partido clásico. É un espazo de unidade popular en construción, lugar de encontro, democrático e de adscrición individual, para un suxeito político de ruptura. É a cidadanía do común, as clases subalternas, o suxeito colectivo que vai construíndo o seu instrumento co obxectivo de se configurar como bloque histórico de cambio que aspira a converterse en novo poder constituínte. As forzas políticas, principalmente as que levan tempo configurando un suxeito de ruptura en diversas fases, Podemos, EU e Anova, son axentes que promoven e propician o encontro e a construción de espazos de confluencia, pero de ningunha maneira tutelan os procesos nin as actuacións de En Marea. En Marea é un instrumento non sometido a intereses de parte de ningunha organización..

En Marea é un espazo de participación política e toma de decisións das clases subalternas, da cidadanía común, da multitude que se organiza para conquistar progresivamente mellores condicións de vida. O modelo do que se dota En Marea de participación mediante a adscrición individual e voluntaria, aberto a todos os procesos, nada ten que ver co concepto clásico de militancia. De aí que os propios órganos de En Marea, máis que de representación dunha militancia pechada, son instancias de intervención política elixidas polas persoas inscritas que cumpren co que os ámbitos assemblearios deciden. Os órganos de En Marea non representan a maioría social nin a todos os colectivos, iniciativas de base, asembleas locais e sectoriais, mareas, que actúan autonomamente e de maneira autoorganizada. As mareas municipais en concreto de ningunha maneira poden estar suxeitas ao que un órgano político poida decidir en relación cos seus ámbitos de acción política.

A estrutura orgánica de En Marea baséase na idea simple, pero de plasmación complexa, dunha gran rede de asembleas territoriais e sectoriais abertas á participación e á deliberación popular, constituídas desde a base en procesos de autoorganización. As asembleas deben ser núcleos de participación e decisión, non pólas territoriais da organización dun partido clásico. É un complexo espazo de cooperación e construción de

contrapoder, colaborativo, solidario, horizontal. En Marea é en si unha impugnación do réxime de representación, tamén nas súas propias estruturas e no seu funcionamento.

As asembleas son o resultado da determinación colectiva de participar na construción dun espazo común. En Marea non duplicará estruturas asemblearias alá onde sectores da maioría social xa se organizan. É o caso das mareas municipais, pero tamén o de moitas outras iniciativas de base. Esas asembleas xa son a marea de pleno dereito, non necesitan someterse a ningunha clase de protocolo nin subalternización respecto a un órgano de dirección ou representación. En Marea é un espazo suficientemente líquido e plural como para estar tamén configurado por todas estas iniciativas que participan do proceso sen condicións.

En Marea, as institucións e o espazo de conflito (ET)

O instrumento político dun espazo de rebelión e ruptura democrática asume o límite dos ciclos electorais e do propio Estado e as súas diversas institucións como único ámbito de combate político. Daquela, En Marea non pode ser de ningunha maneira unha máquina electoral permanente sometida ás dinámicas e aos cursos institucionais. Unha organización de cargos públicos e cadros cuxo cometido exclusivo sexa a conquista de espazos institucionais convértese nunha maquinaria mercantil absolutamente inútil para todo proceso de cambio, obsesionada en exclusiva con autorreproducirse, que somete a este obxectivo o principal da súa acción e do seu discurso político.

En Marea non naceu para competir no mercado electoral. Debe participar, sen dúbida, en todos os ámbitos nos que se diriman cuestións que nos afecten a todas, tamén nas institucións, mais ten que facelo de maneira que non se reduza o seu traballo ao da xestión do existente. Ao mesmo tempo, e de maneira prioritaria, seguindo o propio modelo do agromar e consolidación das mareas municipais, En Marea terá que se ir configurando coma un movemento popular activo con capacidade para articular unha institucionalidade propia e alternativa nos espazos da sociedade civil.

Organizámonos para mudalo todo conscientes de que non todo se muda nas institucións do réxime. Necesitamos acceder a elas para abrilas á toma de decisións do común, non para xestionalas. Pero proxectamos construír na sociedade civil espazos de solidariedade e cooperación alá onde as políticas salvaxes do capitalismo impoñen as súas condicións de explotación e extracción. Somos movemento, aspiramos a construír institucións populares propias sen renunciarmos a participar alá onde haxa unha batalla que dar. Negámonos,

pois, a admitir a redución de En Marea a un partido clásico de réxime destinado a concorrer no mercado electoral para participarmos na alternancia regrada de inquilinos nas institucións.

Para as institucións, a cidadanía nos seus espazos de autoorganización determina as accións e as iniciativas do seu instrumento político, sexa nos bancos da oposición, sexa nos gobernos; nos espazos da sociedade civil, o movemento de ruptura tentará crear as súas redes de participación e decisión, de solidariedade e apoio mutuo, de organización da resistencia e dunha institucionalidade alternativa. Non nos conformamos con participar, queremos decidir.

Por todo isto tamén entendemos En Marea como un proceso permanentemente aberto a confluencias e á incorporación constante de grupos e movementos de base, cidadanía non militante, persoas e colectivos con necesidade de seguir abrindo espazos de decisión e democracia de base. Democracia radical con mecanismos de control democrático, rendición de contas e toma de decisións, un compromiso cun novo modelo organizativo.

En Marea é o instrumento para a creba democrática que se articula mediante procesos de acumulación de forzas, de unidade popular, de converxencia, de autoorganización e democracia radical, de movemento político e social que traspasa os límites das institucións e proxecta converter a sociedade civil en escenario de emancipación e de construción dunha república de homes e mulleres libres e iguais.

A ofensiva neoliberal, que se agocha baixo o eufemismo “crise”, condena a maioría social ao empobrecemento, á precarización permanente e á exclusión como forma de vida. En Marea asume a necesidade de frear esta ofensiva terminal do capital contra o traballo: destrución de benestar e de dereitos conquistados tras longas décadas de loitas e privatización e desmantelamento dos bens públicos, expropiación e privatización de toda caste de propiedade social ligada a dereitos básicos do conxunto da cidadanía do común, aumento das desigualdades entre homes e mulleres, invisibilización do traballo de coidados. A privatización absoluta do mundo como proxecto.

Lonxe de renunciar á participación en cada espazo no que se poida exercitar esa defensa do común fronte ao ataque neoliberal, En Marea comprende a institución do réxime como un espazo público no que teñen que resoar as verdades ocultas, un ámbito en que a representación popular expresa a súa realidade e impugna a realidade imposta polos aparellos de dominación e control do poder. As institucións, sobre todo as máis próximas á

ciudadanía, non son os ámbitos exclusivos de loita política, pero si que constitúen espazos que o movemento popular debe rescatar para empregalos en beneficio do común. Ao mesmo tempo, e tamén na sociedade civil, o movemento de ruptura terá que crear as condicións de posibilidade dunha sociedade alternativa, republicana, igualitaria alicerzada sobre outro modelo de relacións de produción e reprodución.

Falamos de ruptura democrática porque entendemos a democracia coma unha rede de espazos de decisión e participación que se espaxa por todos os ámbitos e territorios, desde o local ao nacional e máis alá. Desde os consellos de barrio e de parroquia e os Concellos ata a Asemblea da República. Porque se trata de construír institucións republicanas para unha democracia radical que garanta o dereito a unha vida digna e o dereito a decidir sobre o común. O noso proxecto de República (das Comúns) pasa por articular esa rede de participación e decisión, de Consellos e Asembleas, que desborde as institucións vixentes.

No último período, asistimos a unha importante vaga de mobilizacións que parece reverter a relativa calma no terro social que vivíamos dende 2013 (folga do metal da Coruña, paros na automoción en Vigo, folga dos transportistas, Inditex, estibadores, contra o peche de centros educativos, etc.). Non sabemos se marcarán un punto de inflexión no ciclo pero si que poñen sobre a mesa un cuestión crucial para calquera forza que se pretenda rupturista: a centralidade do conflito, é dicir, a capacidade de vencellar o suxeito político coas clases subalternas a través da mobilización. Este ten que ser un chanzo primordial para unha tarefa prioritaria, a construción de autoorganización, de espazos para as clases subalternas que exerzan un contrapoder fronte ás institucións da clase dominante, dándolles estabilidade máis alá das mobilizacións puntuais. Espazos intermedios, sectoriais ou territoriais, xurdidos desde abaixo, que xeren partido-movemento, coa pata fundamental neste último termo do binomio. A relativa ausencia da clase traballadora, especialmente dos seus sectores estratéxicos, neste ciclo confróntanos coa cuestión de organizar, de ir á clase, aos barrios, aos movementos, “saír do parlamento” para conectar as distintas expresións do movemento, entendido en sentido amplo (sindicalismo social, ecoloxismo, feminismo, movementos polos servizos públicos, sanidade, ensino) ao redor dun programa de ruptura compartido.

A disputa polo poder político no marco da representación e a construción de contrapoder desde abaixo aparecen como procesos complementarios e necesarios. Esta interacción

precísase para desbordar os límites que presenta a institucionalidade. Polo tanto, é tarefa fundamental de En Marea vencellarse coas diversas mobilizacións ao longo do País, apoiadas tamén desde dentro, participando no seu seo, desde o respecto á autonomía dos movementos sociais, axudando a construír tecido e fomentando os procesos de autoorganización.

4. EN MAREA COMO ORGANIZACIÓN FEMINISTA (TT+ET)

(TT)

Outro elemento diferenciador das organizacións políticas tradicionais, é a aceptación expresa por parte de *En Marea* de que nas cuestións que atinxen directamente ás mulleres, ou nas que estas sexan o eixo central de debates tanto no eido estatal como no nacional, serán debatidas no grupo feminista de *En Marea*, a Marea Feminista, quen farán unha proposta de resolución que será sometida a votación de todas as mulleres inscritas; a decisións así adoptadas serán asumidas por toda a organización.

(ET)

En Marea emerxe coa vontade de quebrar os marcos preestablecidos, tamén as relacións patriarcais que nos explotan e atravesan, ben sexa no eido laboral, persoal ou político. Se queremos mudar esta situación, é decisiva a participación das mulleres dende unha posición central que incida na axenda política. Isto implica a integración plena e en pé de igualdade das mulleres na organización; unha integración que só acadaremos con estruturas horizontais e democráticas que promovan o desenvolvemento de liderados compartidos e que, ao mesmo tempo, faciliten a conciliación da vida persoal co activismo político mediante as canles de participación que sexan precisas. Temos que construír un espazo que favoreza o empoderamento colectivo das mulleres, é dicir: unha organización despatriarcalizada. É preciso termos claro e presente este funcionamento interno de En Marea, xa que aspiramos a transformar as condicións de explotación ás que se ven sometidas as mulleres no conxunto da sociedade.

Dende a crise desatada en 2008, os piares do chamado Estado de Benestar comezaron a implosionar, corroídos pola propia putrefacción dun sistema que se devorara a si mesmo, coas burbullas inmobiliaria e financeira como paradigma da voracidade capitalista. Nese contexto, os recortes, deseñados para salvar os mobles dunha minoría privilexiada, empobreceron a maioría social e foron especialmente violentos contra as mulleres: sobre

nós recae toda a carga do traballo produtivo, reprodutivo e de coidados. Deste xeito, profundizouse na desigualdade en forma de brecha laboral, pois sendo o salario medio dunha muller en Galicia en torno ao 21% inferior ao dun varón, obrígasenos a cotizar dez anos máis para chegar a cobrar a mesma pensión ca un home. E tamén en forma de teito de cristal, sendo a modalidade do traballo a tempo parcial unha modalidade *ad hoc* para as mulleres; unha modalidade que pretende ser unha fórmula de conciliación e que, ao cabo, só implica menores ingresos, dificultade engadida no desenvolvemento da carreira profesional e menor xubilación. Ademais, non debemos esquecer a alta taxa de envellecemento da poboación galega, que multiplica a carga de coidados deste sector sobre as mulleres.

Debemos ser quen de dar resposta colectiva a esta estrutura, para que os coidados deixen de entenderse como “males privados das mulleres”. En primeiro lugar, a medio prazo, debemos aspirar á repartición das tarefas de coidados dun xeito igualitario entre homes e mulleres mediante medidas como a equiparación nos permisos de paternidade e o desenvolvemento pleno da Lei de dependencia, fomentando, así, a incorporación da muller no mercado laboral. Non obstante, para que esta incorporación se produza dun xeito pleno e poidamos rachar a estrutura patriarcal, o noso obxectivo último debe ser a reorganización dos coidados, facendo que recaian sobre a sociedade: traballadores e traballadoras remuneradas que se encarguen de levar a cabo os coidados mediante servizos públicos, como as escolas de 0 a 3 anos ou residencias públicas suficientes.

Por outra banda, no eido laboral, as mulleres atópanse nunha situación de desigualdade que se agudizou dende a crise: brecha salarial, teito de cristal ou traballos precarios asociados a roles femininos de coidados. Polo tanto, En Marea, dende as institucións, debe impulsar as medidas precisas para dinamitar esta situación, en contacto constante co movemento feminista, pero sen a intención de copalo nin de sustituílo. Tamén nós debemos apoiar o movemento feminista á hora de loitar contra a violencia machista que, se ben discursivamente asumida por todos os actores políticos, precisa medios para a súa erradicación que non se están destinando a facer desaparecer esta lacra social. Propónsenos, como único obxectivo, a consecución dun Pacto de Estado contra a violencia machista, pero este ten que ir necesariamente acompañado dun novo consenso constituínte no que o combate contra as violencias machistas sexa prioritario. Na construción dese novo sentido común, En Marea estará, como axente de ruptura, acompañando ao movemento feminista transformador.

Do mesmo xeito, é fundamental a nosa implicación na loita contra as desigualdades de xénero e a LGTBIfobia, a denuncia constante da rede de relacións sociais que establece o patriarcado é unha das tarefas fundamentais para o espazo. Debemos ter en conta a necesaria imbricación entre as diferentes opresións e discriminacións. As identidades non existen como realidades ríxidas senón que as relacións sociais son determinantes, xa que nas mesmas se reflicten e reproducen os roles e os privilexios, polo que entendemos fundamental unha Lei contra a LGTBIfobia de aplicación real.

Tecer as alianzas precisas, tamén internacionalmente, está na base do feminismo que defendemos. Porque o feminismo conta cun inmenso potencial mobilizador, como leva demostrando nos últimos anos, na loita contra a reforma do aborto de Gallardón, no 7N, nos 8 de Marzo, nas respostas colectivas ante as agresións sexuais nas festas, etc. Debemos recoñecer e apoiar, sen inxerencias, todo este movemento con potencial transformador e recoñecer todo o patrimonio de loitas do movemento feminista.

Somos un suxeito político de ruptura, e isto tamén se debe traducir no feminismo, temos que atravesar toda a súa teoría, o seu discurso e a súa práctica política diaria. Necesitamos transversalizar o feminismo en todas as iniciativas, liñas políticas e estrutura organizativa de En Marea. Precisamos un feminismo que interpele ao 99%, que sexa útil para mellorar as condicións de vida dunha maioría de mulleres precarizada por unha estrutura capitalista con sustrato patriarcal que nos subordina, polo tanto, de xeito dobre: en tanto que traballadoras e en tanto que mulleres.

5. EN MAREA E A VAGA DA REBELIÓN MUNDIAL CONTRA O NEOLIBERALISMO (TT)

Vivimos no ronsel da contrarrevolución neoliberal iniciada por Augusto Pinochet, Margaret Thatcher e Ronald Reagan. Durante catro décadas o capital transnacional puxo en práctica un programa de expropiación de empresas e servizos públicos, de privatización dos beneficios e socialización das perdas, de abolición do dereito laboral, de liberalización dos fluxos de capitais, de transferencia de competencias das soberanías nacionais ou estatais a organismos libres de calquera control democrático. O resultado principal desta ofensiva foi unha brutal redistribución da riqueza desde as maiorías sociais, desde as clases traballadoras a unha pequena elite. A desigualdade na distribución

do patrimonio e da renda acada hoxe un nivel superior ao de calquera outro período histórico. A hexemonía cultural acompañou a ofensiva política e económica. A competitividade e a primacía da economía, capitalista, sobre a sociedade foron aceptadas como valores supremos. A historia semellaba clausurada.

Porén, a capacidade antagonista nunca desapareceu. As diversas impugnacións do consenso de Washington en América Latina e os movementos antiglobalización mantiveron viva a esperanza de que outro mundo é posíbel. A crise financeira de 2007, a máis grave desde 1929, trasladou a impugnación ao centro do sistema capitalista, alí onde a hexemonía cultural neoliberal semellaba definitiva. Nunca Máis e o movemento contra a invasión de Iraq anunciaron esa ruptura. O 15-M e Occupy Wall Street proclamaron Non nos representan. A emerxencia de Siryza, frustrada pola claudicación de Tsipras, foi outro síntoma. O apoio popular, nomeadamente entre as xeracións máis novas, a Jeremy Corbyn, na Gran Bretaña, e Bernie Sanders, no centro do imperio, manifestan que as elites xa non controlan os desexos de liberdade e igualdade das maiorías sociais, xa non imponen os seus candidatos ou deben facer trampas para os imporen, xa non gañan referendos. E isto acontece alí onde a supremacía do privado, capitalista, sobre o público, social, era un dogma inamovíbel. Ese dogma movérono as que non se resignan. Tamén nos nos recoñecemos nas loitas da periferia. O golpe de estado que destituíu ilegalmente Dilma Rousseff semellaba consolidar a mudanza política. A Folga Xeral do 21 de abril do ano en curso, probabelmente a máis grande da historia brasileira, na que participaron 35 millóns de traballadoras brasileiras demostra que a loita se estende por todos os continentes.

En Marea insírese nesa perspectiva de combate contra a orde neoliberal, a forma en que o capital se desprega desde finais dos 70. Porque destrúe as bases ecolóxicas da sociedade, por que descarga sobre as mulleres todo o peso de reprodución da vida e da economía dos coidados, porque intensifica a explotación das traballadoras e traballadores, porque xa privatizou o que era común e privatiza as enormes masas de información que colectivamente xeramos na rede e que deben ser postas ao servizo da satisfacción das necesidades da maioría social.

En Marea como forza destituínte (ET)

O discurso de En Marea responde á súa condición de instrumento para a ruptura democrática e a rebelión cívica, é un discurso destituínte e sen concesións. Un discurso

de impugnación: impugnación da base material sobre a que se edifica o sistema; impugnación do sentido común do réxime e do sistema; impugnación da representación entendida como a expropiación da capacidade política e de decisión da maioría social.

Nos espazos institucionais aos que accede En Marea, é a maioría social quen se introduce nas institucións mediante a fórmula específica de En Marea e non En Marea a que chega ás institucións para representar o pobo e falar no seu nome. En Marea non é un instrumento de representación nin a maioría social é representable. Somos o espazo que recolle a crise de lexitimidade do sistema político e dos seus partidos tradicionais, ou sexa, da representación, e debemos actuar en coherencia con esa función. Recoller a crise para transformar a realidade que a ocasiona e que se descarga sobre as condicións de vida, material e inmaterial, da maioría social. Cómpre politizar a dor, non ofrecer un placebo para adoza-la.

O noso discurso expresa unha impugnación global e radical do existente. Non admite, pois, nin moderación, nin adecuación ao sentido común do réxime nin *aggiornamento* ás condicións que poidan establecerse para os combates electorais. A moderación do discurso, das formas e das propostas é unha condición esixida pola necesidade de normalización dun réxime en crise de lexitimidade. Pero é a necesidade do réxime, non a nosa. Ao contrario, é incompatible coa nosa propia existencia como alternativa política. Moderar o discurso de ruptura e a práctica política, asumir un discurso de xestión, é participar da necesidade de restauración conservadora do réxime tras a crise orgánica. Do seu proxecto de estabilización. E iso equivalería a clausurar toda posibilidade real de ruptura democrática.

Non se trata, pois, de elaborar e manter un discurso radical nas formas por puro esteticismo ou por necesidade de marca distintiva; trátase de articular un espazo político no que toda a radicalidade das posicións de ruptura sexa o resultado dun proxecto de cambio. Porque En Marea só se poderá entender coma un suxeito en rebeldía permanente que non se somete á normalización política nin á homologación coas forzas do réxime.

Queremos mudar a sociedade, non parecemos a ela. Estamos construíndo En Marea para mudalo todo, para que todo cambie.

6. BREVE ANÁLISE DA EVOLUCIÓN DO ESPAZO POLÍTICO (TT)

En Marea, como forza política que se opón a unha orde social inxusta, é o resultado dun proceso de acumulación de forzas para a unidade popular. *En Marea* recoñécese herdeira da mobilización social e do combate electoral.

- Das manifestacións masivas, NON Á GUERRA, contra a invasión de Iraq (2003)
- Da autoorganización do pobo galego en defensa do medio, NUNCA MÁIS (2003).
- Da ocupación das prazas polo movemento 15M, que provocou a ruptura dos consensos elitistas fraguados na transición, en 2011.
- Das repetidas folgas xerais en defensa dos dereitos das traballadoras e traballadores, a última o 14N de 2012.
- Das mobilizacións en defensa dos servizos públicos, sanidade, educación, servizos sociais, e en defensa do dereito á vivenda e á enerxía.
- Da loita feminista polo dereito das mulleres a decidir sobre a súa sexualidade e a súa capacidade reprodutiva e pola igualdade legal e económica. O traballo valente, intelixente e constante de milleiros de mulleres produciu un salto cuantitativo e cualitativo da loita feminista nos cinco continentes este 9 de marzo de 2017.
- Da irrupción no Parlamento galego da unidade popular ao redor das siglas AGE en 2012.
- Das Mareas municipalistas que, construindo a unidade popular desde a base en cada concello, permitiron conquistar importantes alcaldías en maio de 2015.
- Das candidaturas que *En Marea* presentou ao Congreso e ao Senado e que certificaron a arribada da Unidade Popular ao Parlamento do Estado en decembro e xuño de 2015. A representación galega integrouse no Grupo Confederal de Unidos Podemos - En Comú Podem - En Marea.
- Da candidatura ás últimas eleccións autonómicas nas que, aínda que sen conseguir o obxectivo de expulsar o PP do goberno autonómico, *En Marea* se converteu na primeira forza da oposición en 2016.

En Marea nace, na súa formulación actual como espazo político galego soberano de adscrición individual, na Asemblea do 31 de xullo de 2016, froito do proceso político que describimos nos epígrafes anteriores. En agosto de 2016 celebráronse unhas primarias, por primeira vez no espazo de *En Marea*, abertas á participación de todas as inscritas para decidir as candidaturas das Eleccións Autonómicas. O paso dado na Asemblea de Vigo foi seguido de procesos de eleccións internas e constitución de órganos, decididos no Plenario de Santiago de Compostela o 17 de decembro de 2016, que culminaron coa elección do Consello

das Mareas, e permitiron o inicio dun traballo de consolidación e expansión da organización que ficara adiado polas urxencias electorais.

7. A COXUNTURA POLÍTICA (TT)

Os resultados electorais do 20 de decembro do ano 2015 debuxaron un escenario factíbel para o desafiuzamento do Partido Popular e da dereita reaccionaria das institucións do estado, situación diante da que os poderes económicos e mediáticos e a Casa Real manobraron, con éxito, para abortar a posibilidade de cambio. Isto xerou unha ampla frustración na cidadanía do común e, en última instancia, xerou unha fonda desilusión que acabou levando a Rojoy á Moncloa e, por efecto dominó, a Feijoo á renovación do mandato ao fronte da Xunta de Galicia. Tamén foi un dos elementos que explica a existencia dun certo repregamento no discurso e na acción política da esquerda rupturista, na que debemos encadrar ás Mareas Municipalistas e a En Marea, a partir de xuño de 2016.

Este proceso encádrase internacionalmente nun momento de avance do neoliberalismo ao través de dúas vías complementarias que se retroalimentan. Por unha banda a consolidación dos poderes económicos e financeiros internacionais usurpando a soberanía dos pobos mediante institucións non democráticas como o BCE, o FMI ou a Troika que impoñen políticas contra as clases populares co obxectivo de preservar a acumulación de riqueza e a súa posición oligopolística, de tal xeito que na actualidade estamos a asistir a unha nova ofensiva na dirección sinalada anteriormente coa sinatura de tratados como o TTIP e o CETA. A ausencia de iniciativas por parte da esquerda rupturista, a entrega dunha parte moi importante dese espazo aos poderes neoliberais por parte de gobernos como de Alexis Tsipras, a asimilación das institucións e o funcionamento de acordo ás pautas que marcan as mesmas, e a aceptación das posicións políticas socialliberais e colaboracionistas co neoliberalismo hexemónico, trouxo como consecuencia inmediato o ascenso e avance de posicións parafascistas en estados como Francia, Estados Unidos, Hungría, Austria ou Reino Unido, en boa medida pola ausencia de alternativas de esquerda transformadoras que revirtan a tendencia liberalizadora e privatizadora iniciada nos anos 80.

Cómpre por tanto fuxir do discurso da reforma diante dunha problemática estrutural e sistémica que só poderemos combater desde discursos e medidas concretas por e para as agredidas, tendo en todo momento presente que iso so poderá materializarse de verdade,

sobordando os actuais marcos legais, nomeadamente o estatuto de autonomía do ano 81 e a Constitución do ano 78 que, por outra banda, os propios poderes públicos do réxime actual derrogaron de facto nos seus apartados de carácter social, e que utilizan contra a libre vontade das diferentes nacións que hoxe en día configuran o estado español.

Galiza foi vangarda da esquerda rupturista no estado coa configuración de AGE no 2012, as mareas municipalistas no 2015 e debe ocupar novamente a centralidade dentro da esquerda rupturista do ámbito estatal, voltando pois a recuperarmos un discurso que amose un clara vontade de iniciar procesos constituíntes no estado, onde o pobo galego xogue un papel protagonista.

En calquera caso, compre termos claro que ten a revolta destes anos e os procesos actuais de construción da Unidade Popular, que impugna a orde política da transición e o dominio neoliberal, obtivo éxitos que non podiamos imaxinar antes de 2011. En primeiro lugar conseguiu romper coa arquitectura bipartidista promovida pola Constitución Española, a lei electoral, a hexemonía cultural e o dominio absoluto dos media por parte do IBEX-35. Bipartidismo antes só desafiado nas nacións sen Estado, Euskadi, Cataluña e Galiza. Ademais a intensidade das agresións contra os dereitos sociais e laborais que a maioría social consideraba definitivos, provocou que unha parte da sociedade, especialmente as xeracións máis novas, rexeite un sistema político que non recoñece as súas necesidades. As clases dominantes e os media xa non son donas das súas mentes.

Porén, a impugnación do sistema inxusto non é un proceso lineal nin garantido. Pode avanzar ou fracasar. Loitamos para que avance a rebelión cívica crebe o réxime borbónico configurado a partir da reforma das institucións franquistas, rache coa Europa do capital gobernado polos poderes financeiros e as institucións tecnocráticas, e abra novos procesos constituíntes que permitan a soberanía popular e o artellamento dun estado plurinacional e unha Europa social e dos pobos.

O esgotamento do ciclo de mobilizacións que seguiu o 15M e os retrocesos electorais das candidaturas de Unidade Popular esixen a nosa atención. As acampadas e asembleas do 15M, sobre a base material do aumento do paro, a precariedade, a pobreza e a exclusión social, comezaron un ciclo de loitas que acadou o seu apoxeo na folga xeral do 14N de 2012. As Marcha da Dignidade, as manifestacións xigantescas en defensa da sanidade pública en Vigo, as mobilizacións por mellores convenios colectivos como a dos centros de

chamadas ou as folgas da estiba confirman que a loita social non desapareceu. Porén, xa non existe un clima social xeral de mobilización, en 2016 o número de horas de folga no Estado español foi o máis baixo da serie histórica desde 1986. A evolución electoral das candidaturas de Unidade Popular confirma que existen importantes dificultades na loita contra a orde neoliberal. Nas eleccións xerais de xuño de 2016 EM perdeu unha deputada, a segunda posición en beneficio do PSdG-PSOE e máis de 60 mil votos. As candidaturas de Unidade Popular no conxunto do Estado obtiveron un millón de votos menos que en decembro de 2015. Por último nas eleccións autonómicas de 2016 EN MAREA quedou a 137 mil votos do seu mellor resultado electoral. Analizar esta realidade para continuar o seu labor de impugnación do réxime é o reto político actual de EN MAREA.

8. NO HORIZONTE DA RUPTURA DEMOCRÁTICA (TT)

A ruptura democrática coas estruturas políticas e económicas dominantes, para camiñar cara unha nova situación socioeconómica na que, no canto do crecemento económico como obxectivo prioritario, se procure a igualdade, a solidariedade e o respecto medioambiental, é a razón de ser da Unidade Popular que representa *En Marea*.

A ruptura democrática esixirá contar cunha forte organización e mobilización social e, para acumular forzas nese camiño, as mulleres e homes de “En Marea”, sempre dentro das respectivas posibilidades, debemos participar e promover colectivos sociais, culturais, políticos ou sindicais que defendan os intereses dos traballadores e do conxunto das sempre persoas do común, partindo sempre do respecto máis escrupuloso pola autonomía e independencia dos movementos sociais.

Mais a ruptura democrática non caerá do ceo nin será o resultado inexorábel das distintas crises que se solapan: crise do modelo de Estado moderno tal como o coñecemos; crise ecolóxica da biosfera; crise dos coidados; crise económico financeira global e das relacións entre nacións e estados; crise da UE; crise política do Estado podrecido pola corrupción, e crise político institucional galega cun marco xurídico - político que non permite responder ás necesidades da maioría social e ocupado por quen só busca servir ao capital financeiro especulativo e aos oligopolios que os dirixen.

Que estas crises se resolvan en favor da maioría social e da liberdade, depende da forza organizada desa maioría para ser quen de garantir o exercicio libre e democrático radical dos dereitos individuais da maioría social e colectivos da cidadanía galega e ser capaz de

representar a Galiza diante do Estado. Debemos impulsar con forza renovada un horizonte de ruptura e reformulación do Estado promovendo e concitando alianzas para abrir procesos constituíntes no conxunto do Estado e nas nacións sen Estado.

En Marea saúda o movemento do pobo catalán polo dereito a decidir. Un referendo é un acto democrático no que a cidadanía catalá debe poder votar libremente. Denunciamos as coaccións e ameazas do Estado español contra a maioría social catalá.

9. FRONTE AMPLA PARA DERROTAR O PP (TT)

Conseguirmos a ruptura democrática, pasa por derrotar ao PP tanto no Estado como en Galiza.

Derrotar o PP no Estado español. Sempre sobre a base do respecto mutuo e de relacións en pé de igualdade, *En Marea* propondrá, pulará e promoverá unha ampla alianza das forzas da esquerda, nacionalistas e non nacionalistas, en Galiza e no conxunto do Estado co obxectivo de apartar do Goberno ao corrupto Partido Popular, concitando entendementos e tendendo pontes para unha censura aritmeticamente viábel canto antes.

Porén, o noso obxectivo prioritario na acción política no Estado debe ser, en partilla con outras forzas que xa se teñen pronunciado nun sentido semellante, facer un chamado para concitar a unidade de acción das organización políticas e das plataformas e organizacións cívicas das outras nacións que teña como propósito común a loita pola fin do réxime, a ruptura democrática, o recoñecemento dos dereitos das nacións sen Estado a decidir o seu propio destino e a democracia real. En Marea conformará a unidade das forzas da esquerda rupturista das distintas nacións do estado co obxectivo de rachar co réxime do 78 e abrir novos procesos constituíntes.

Derrotar o PP na Galiza. Queda dito máis arriba que a Unidade Popular representada por EN MAREA non conseguiu o obxectivo de expulsar o PP do Goberno galego. As forzas políticas e as mulleres e os homes que facemos parte de *En Marea* temos non estivemos á altura da confianza que a maioría social, as clases traballadoras, o pobo galego depositara en nós. Entre os erros cometidos subliñamos: 1) O proceso de construción de *En Marea* atrasouse até poucos meses antes das eleccións. 2) A elección das candidaturas transmitiu unha imaxe de desunión. 3) O programa electoral elaborouse e presentouse moi tarde. 4) Non fomos quen de organizar unha base ampla de asembleas de apoio nalgunhas cidades,

vilas e concellos máis pequenos. 5) Non avanzamos abondo na organización e extensión territorial e sectorial de *En Marea*. 6) A non consecución do grupo parlamentar de *En Marea* no Parlamento do Estado provocou dúbidas nunha parte da base social e electoral sobre o compromiso coa defensa dos dereitos colectivos do pobo galego. 7) Todas estas eivas traducíronse en que non fomos quen de inducir unha vaga suficiente de ilusión pola mudanza política. O traballo político e organizativo de *En Marea* a partir deste Plenario dirixírase a analizar e corrixir estes erros. Queremos chegar á vindeira convocatoria de eleccións autonómicas cunha proposta política que nos permita dicirle ao pobo galego: *En Marea, velaquí o voso instrumento político para o mudarmos todo !!!*.

10. ALIANZAS: NO ESTADO, EN EUROPA, NO MUNDO (TT)

En Marea é unha forza política soberana que se organiza no territorio nacional galego. *En Marea* promove activamente alianzas e colaboración fraternal coas forzas políticas do mesmo campo político das nacións do Estado español, da península Ibérica, europeas e doutros continentes.

Para abolir os límites establecidos á soberanía popular polo réxime establecido desde 1978 e para derrotar o PP é imprescindible forxar as máis amplas alianzas entre os pobos do Estado. A Troika (CE, BCE, FMI) continúa a impor políticas de austeridade que, baixo a escusa de redución da débeda pública, aceleran as privatizacións de empresas e servizos públicos, eliminan dereitos sociais e precarizan o traballo. Unha alianza entre os pobos agredidos do sur de Europa crearía unha relación de forzas máis favorábel no combate contra as políticas austeritarias.

En Marea estudará se o euro permite unha política en defensa dos intereses da maioría social ou é un obstáculo insuperábel que debe ser removido.

A cegueira das elites somnámbulas fainos prever o crecemento dos movementos sociais e forzas políticas que en Europa cuestionan a orde neoliberal. *En Marea* é irmá das súas loitas. E tamén somos irmás dos pobos que en todos os continentes se enfrontan ao neoliberalismo e o imperialismo.

11. NECESIDADES PROGRAMÁTICAS (ET)

Como suxeito político de ruptura, *En Marea* debe establecer unha serie de eixos programáticos básicos aos que referenciarse nas institucións e sobre os que construír unha

alternativa política de transición a unha república de mulleres e homes libres. Ese programa de transición, republicano, feminista, democrático e igualitario ten que xurdir do traballo en común de todas as que en diversos sectores, ámbitos e asembleas, de diferentes maneiras, facemos parte do proceso de unidade popular e confluencia. Un programa que avance sobre a necesidade dun proceso constituínte autónomo, de abaixo arriba, protagonizado pola maioría social en clave republicana e cunha política económica destinada a reverter o empobrecemento e a precarización das clases subalternas, con políticas fiscais redistributivas, e co benestar común, a igualdade e a xustiza social como horizontes e guías da nosa práctica política. Un programa de defensa activa dos servizos públicos e da súa titularidade social, que se comprometa coa ruptura cos marcos vixentes, tanto no estado español coma na Unión Europea, e se asente sobre a laicidade, a soberanía popular, o dereito a decidilo todo, a destrución do patriarcado e a socialización dos bens comúns. Un programa, en definitiva, elaborado coa práctica política e con metodoloxía participativa, que teña nos nosos dereitos lingüísticos un eixo de referencia segundo o cal todas teñamos a posibilidade de desenvolver socialmente a totalidade das nosas vidas na nosa lingua, na lingua galega. Un programa de compromiso coas clases subalternas e, por tanto, con novos modelos produtivos, novas relacións de produción e cun novo marco de relacións co ecosistema baseado no aproveitamento de recursos naturais para o ben común fronte á explotación orientada ao lucro particular.

****(TT) da Tese Transacionada***

***** (ET) da Emenda á Totalidade***